

*En recoñecemento ao labor do noso compañeiro Manuel Siota López (falecido en agosto de 1992), e á súa dedicación na mellora da nosa profesión, a Xunta Rectora do COPG decidiu en 1995 crear unha beca de investigación en Psicoloxía que leve o seu nome.*

Por acordo da Xunta de Goberno do 9 de decembro de 2022 convócase a

---

## XIII EDICIÓN DA BECA SIOTA DE INVESTIGACIÓN EN PSICOLOXÍA

---

### BASES

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, co obxecto de fomentar a realización de estudos e investigacións, convoca concurso público para a adxudicación dunha beca de investigación de acordo coas seguintes bases:

**Primeira.** Poderán optar a esta beca os colexiados e colexiadas no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Quedan excluídos desta convocatoria os membros da Xunta de Goberno, os membros de Xuntas Directivas das Seccións e os membros do Comité Seleccionador.

**Segunda.** Os proxectos de investigación propostos serán orixinais e deberán axustarse a unha área aplicada da Psicoloxía.

Considerarase como mérito especial que os proxectos de investigación supoñan un afondamento no coñecemento e transformación da realidade de Galicia.

**Terceira.** O proxecto seleccionado deberá realizarse nun prazo máximo de dous anos.

**Cuarta.** A dotación orzamentaria da Beca de Investigación corresponderase co 100% do orzamento presentado na memoria económica á que fai referencia a base décimo terceira, e non poderá superar os 6000 euros.

O abono do importe das axudas tramitarase en dous prazos:

- O primeiro, do 50% do total, ao comezo do traballo.
- O segundo, do 50% restante, ao comezo do segundo ano, quedando vinculado á valoración positiva do seguimento da investigación no seu primeiro ano.

**Quinta.** Non serán admitidas as solicitudes de axuda para aqueles proxectos que incorran nalgunha das seguintes situacións:

- a) Estar subvencionados total ou parcialmente por outro organismo público ou privado.
- b) Ter sido realizados con anterioridade á publicación da presente convocatoria.

**Sexta.** As solicitudes deberán conter a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI.
- b) Solicitude segundo modelo ANEXO I.
- c) Memoria descritiva do proxecto de investigación, cunha extensión máxima de 10 páxinas, segundo o modelo indicativo ANEXO II.
- d) Currículo de méritos académicos e profesionais.

**Sétima.** O prazo de presentación das solicitudes e documentación requiridas rematará o **15 de marzo de 2023** e deberán ser presentadas no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ben directamente no rexistro ou ben enviada por correo certificado ou por correo electrónico ([copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal)), coa indicación de "**Beca Siota de Investigación en Psicoloxía**".

**Oitava.** Os proxectos serán avaliados por un Comité Seleccionador composto por:

- A/o decana/o do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (ou persoa en quen delegue).
- A/o secretaria/o do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Con voz pero sen voto.
- 5 vogais designados pola Xunta de Goberno.

A proposta de concesión da beca será adxudicada por maioría absoluta. A decana disporá de voto de calidade.

**Novena.** Á vista dos proxectos presentados, o Comité Seleccionador poderá optar entre a adxudicación da axuda a un dos proxectos concursantes ou declarar deserta a beca.

**Décima.** A resolución da adxudicación da beca tomarase no prazo máximo dun mes, contando desde o remate do prazo de presentación de solicitudes. A resolución comunicárase persoalmente á beneficiaria ou beneficiario e publicamente a través das canles de comunicación habituais do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

**Undécima.** A documentación dos proxectos que non resulten seleccionados estará a disposición das e dos concursantes para que poidan retirala nos 30 días naturais seguintes á resolución do concurso. Transcorrido este prazo o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia decidirá libremente o destino da documentación non retirada.

**Duodécima.** Co obxecto de realizar un seguimento do desenvolvemento do traballo, o Comité solicitará, ao rematar o primeiro ano de disfrute da beca, un informe sobre o estado da investigación, resultados parciais acadados e anticipación dos definitivos.

Á reunión valorativa do Comité Seleccionador poderá convocarse á persoa beneficiaria, para solicitar as aclaracións que se consideren oportunas sobre o informe.

**Décimo terceira.** Dentro do prazo fixado para o financiamento da investigación, o adxudicatario ou adxudicataria da beca deberá presentar no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia unha Memoria da investigación xunto cun extracto ou resumo da mesma. A memoria terá unha extensión mínima de 100 folios DIN A4 escritos a dobre espazo, dos que un mínimo de 10 recollerán as principais conclusións da investigación realizada. Así mesmo, deberá achegar unha memoria económica dos gastos ocasionados e unha xustificación que acredite a orixinalidade e aplicabilidade práctica do proxecto.

**Décimo cuarta.** O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia resérvase, mencionando á autora ou ao autor, a facultade de publicar e difundir, por calquera medio, os traballos presentados na opción idiomática que considere oportuna. A aceptación da axuda implica a cesión dos dereitos de autor ao Colexio, quedando da súa exclusiva propiedade o material documental obtido no curso da investigación.

Non obstante, no caso de que non se publique o traballo polo Colexio, poderá autorizar ao autor ou autora a publicalo, debendo mencionar expresamente a axuda recibida. Esta mención deberá aparecer, do mesmo xeito, en calquera outra publicación total ou parcial do traballo autorizado para a súa publicación.

**Decimo quinta.** As persoas participantes, polo feito de selo, enténdese que aceptan en todos os seus puntos as presente bases, así como os acordos do Comité Seleccionador.

**Décimo sexta.** As decisións de carácter técnico ou científico adoptadas polo Comité Seleccionador non serán obxecto de recurso.

Os actos administrativos derivados do desenvolvemento do presente concurso público poderán ser recorridos nos termos e prazos previstos na lexislación vixente.

**Décimo sétima.** O incumprimento dalgunha das obrigas contidas nas bases anteriores poderá dar lugar á reclamación por vía legal das cantidades xa percibidas.